

## CUARTO DA ESO.

Ola rapaces! Como estades? Espero e desexo que todos estedes ben. Mándovos unha gran aperta con todo o meu cariño e o meu ánimo . **Bótovos de menos !!!!** Xa falta menos para reencontrarnos.

A continuación , propóñovos unha serie de actividades coa confianza que vos resulten interesantes e permítanvos pasar un rato entretidos, adquirindo algúns coñecementos e descubrindo algunhas curiosidades.

TAREFA DA 3ª SEMANA.30-3-2020.

1. Le o seguinte texto contesta as preguntas . Busca información se o necesitas ou por curiosidade.

### A PROPAGANDA NAZI.

Para os réximes totalitarios, a propaganda converteuse nun instrumento clave para captar a poboación e adoutrinala. Aínda que a propaganda comezou a usarse xa durante a Primeira Guerra Mundial como forma de recrutamento e para manter o ánimo das tropas e a poboación, nas décadas de 1920 e 1930 comezou a desenvolverse de forma cada vez máis complexa como instrumento das novas ditaduras nadas na URSS, Italia e Alemaña. Así naceu a propaganda moderna, que podía ir dirixida ao interior, é dicir, aos propios cidadáns; ou ao exterior, ás demais potencias. Ademais, non só se valía do control dos medios de comunicación, a ostentación de poder, riqueza e armamento era tamén un medio para enviar unha mensaxe disuasoria ás potencias inimigas.

Na Alemaña nazi, Joseph Goebbels converteuse en ministro de Propaganda do réxime e nun dos membros do círculo máis próximo a Hitler. Nos seus diarios persoais deixou plasmados os once principios que empregou para a difusión da ideoloxía nazi:

#### **1. PRINCIPIO DE SIMPLIFICACIÓN E DO INIMIGO ÚNICO.**

Adoptar unha única idea, un único símbolo. Individualizar o adversario nun único inimigo.

#### **2. PRINCIPIO DO MÉTODO DE CONTAXIO.**

Reunir diversos adversarios nunha soa categoría ou individuo. Os adversarios han de constituírse en suma individualizada.

#### **3. PRINCIPIO DA TRANSPOSICIÓN.**

Cargar sobre o adversario os propios erros ou defectos, respondendo o ataque co ataque. Se non podes negar as malas noticias, inventa outras que as distraian.

#### **4. PRINCIPIO DA ESAXERACIÓN E DESFIGURACIÓN.**

Converter calquera anécdota, por pequena que sexa, en ameaza grave.

## **5. PRINCIPIO DA VULGARIZACIÓN.**

Toda propaganda debe ser popular, adaptando o seu nivel polo menos intelixente dos individuos aos que vai dirixida. Canto máis grande sexa a masa que convencer, máis pequeno ha de ser o esforzo mental que realizar. A capacidade receptiva das masas é limitada e a súa comprensión escasa; ademais, teñen gran facilidade para esquecer.

## **6. PRINCIPIO DE ORQUESTACIÓN.**

A propaganda debe limitarse a un número pequeno de ideas e repetilas incansablemente, presentalas unha e outra vez desde diferentes perspectivas, pero sempre converxendo sobre o mesmo concepto. Sen fisuras nin dúbidas. De aquí vén tamén a famosa frase: «Se unha mentira se repite o suficiente, acaba por converterse en verdade».

## **7. PRINCIPIO DE RENOVACIÓN.**

Hai que emitir constantemente informacións e argumentos novos a un ritmo tal que, cando o adversario responda, o público estea xa interesado noutra cousa. As respostas do adversario nunca han de poder contrarrestar o nivel crecente de acusacións.

## **8. PRINCIPIO DA VEROSIMILITUDE.**

Construír argumentos a partir de fontes diversas, a través dos chamados globos sonda ou de informacións fragmentarias.

## **9. PRINCIPIO DA SILENCIAMENTO.**

Aclarar as cuestións sobre as que non se teñen argumentos e disimular as noticias que favorecen o adversario, tamén contraprogramando coa axuda de medios de comunicación afines.

## **10. PRINCIPIO DA TRANSFUSIÓN.**

Por regra xeral, a propaganda opera sempre a partir dun substrato preexistente, xa sexa unha mitoloxía nacional ou un complexo de odios e prexuízos tradicionais. Trátase de difundir argumentos que poidan arraigar en actitudes primitivas.

## **11. PRINCIPIO DA UNANIMIDADE.**

Chegar a convencer a moita xente de que pensa "como todo o mundo", creando unha falsa impresión de unanimidade.

1. Investiga e fai unha breve biografía de Joseph Goebbels.
2. Como se aplicaron estes principios á propaganda antisemita do réxime? Analiza os puntos que sirvan como exemplo e relaciónaos coa persecución xudía.
3. Busca tres carteis de propaganda nazi en Internet que versen sobre temas distintos. Do mesmo xeito que fixeches no exercicio anterior, aplica e analiza os principios de Goebbels que poden relacionarse con cada cartel.

4. De que forma serviu a propaganda ao ascenso do nazismo e que consecuencias sociais tivo? Valora se unha manipulación mediática semellante podería volver darse na actualidade.

5. Cal cres que era o obxectivo propagandístico de Hitler cos Xogos Olímpicos de Berlín en 1936?

Menciona os símbolos propagandísticos que atopas no vídeo.

6. Cres que os principios de Goebbels eran éticos? Por que? Na túa opinión, cales deles consideras que se seguen empregando hoxe en día nos medios de comunicación?

## **2. Le o texto e contesta as preguntas:**

Despois de maio de 1940, os bos tempos quedaron definitivamente atrás: primeiro a guerra, despois a capitulación, a invasión alemá, e así comezaron as desgrazas para nós os xudeus. As medidas antixudeus sucedéronse rapidamente e fomos privados de moitas liberdades. Os xudeus deben levar unha estrela de David; deben entregar as súas bicicletas; non lles está permitido viaxar en tranvía; non lles está permitido viaxar en coche, tampouco en coches particulares; os xudeus só poden facer a compra desde as tres ata as cinco da tarde; só poden ir a unha barbería xudía; non poden saír á rúa desde as oito da noite ata as seis da madrugada; non lles está permitida a entrada nos teatros, cines e outros lugares de ocio público; non lles está permitida a entrada nas piscinas nin nas pistas de tenis, de hóckey nin de ningún outro deporte; non lles está permitido practicar remo; non lles está permitido practicar ningún deporte en público; non lles está permitido estar sentados nos seus xardíns despois das oito da noite, tampouco nos xardíns dos seus amigos; os xudeus non poden entrar nas casas de cristiáns; teñen que ir a colexios xudeus, e outras cousas polo estilo. Así transcorrían os nosos días: que se isto non o podíamos facer, que se o outro tampouco.

ANNA FRANK, 20 de xuño de 1942

Fai unha breve biografía de Ana Frank.

Cal era o obxectivo desta política de persecución por parte do nazismo?

Que medidas seguiron a estas restricións?